

# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

N.º 31 - Xullo de 2019

## CONTIDO

<b>CONTIDO .....</b>	<b>1</b>
<b>CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS .....</b>	<b>2</b>
CURSOS .....	2
CONVOCATORIAS .....	3
CONGRESOS .....	4
<b>AXENDA .....</b>	<b>5</b>
<b>NOVAS DO DUVI.....</b>	<b>7</b>
<b>DESAPRENDENDO A DESIGUALDADE .....</b>	<b>6</b>
<b>NOVAS ADQUISICIÓNBS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (MARZO 2019 ).....</b>	<b>7</b>

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

### CURSOS

#### **Posgrao: Especialización en Axente e Promotor/a de Igualdade.** [+Info](#)

A Universidade de Alcalá, co obxectivo de reforzar o seu compromiso coa igualdade de xénero, impartirá o próximo curso académico 2019/20 este título propio.

O título proporciona unha formación integral de excelencia que combina unha sólida aprendizaxe teórica cun claro enfoque práctico aplicado.

#### **XV Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: feminismo, violencias e coeducación** [+Info](#)

Os obxectivos do curso son debater sobre a educación en igualdade nos ámbitos educativo e social, para favorecer unha reflexión sobre a igualdade como compromiso educativo e facilitar o encontro de profesionais dos distintos ámbitos de intervención relacionados coa igualdade de oportunidades, especialmente o profesorado, co obxectivo de buscar o intercambio de experiencias e o apoio mutuo.

#### **Coeducación afectivo-sexual: da teoría coeducativa á práctica na aula.** [+Info](#)

A igualdade e a xestión da diversidade son valores que están presentes na acción educativa, polo menos na súa formulación. Pero, como se poden aplicar á práctica docente? Onde se aprende a coeducación?

Ante esta necesidade que expón o profesorado, sobre todo desde que se lles encargou por parte da administración educativa esta tarefa, a través da figura de coordinador/a de Igualdade e Convivencia nos centros educativos, analizamos que necesidades formativas manifestan e que recursos prácticos solicitan e en función diso programouse leste curso-xornadas.

#### **Raíñas, relixiosas, comerciantes, campesiñas: mulleres creadoras. Unha Idade Media en feminino** [+Info](#)

No presente curso, preténdese abordar e difundir os avances actuais de investigación sobre as mulleres medievais no ámbito ibérico e internacional. Presentaranse traballos e casos de específicos por especialistas na materia, inseridos nunha realidade maior da Europa medieval. Combinaranse as sesións teóricas, posta en común e debate, coas máis prácticas, a modo de taller, traballando fontes e documentos literarios, históricos e iconográficos.

#### **Curso aplicado para la prevención e intervención en violencia de género** [+Info](#)

Este é un curso sobre violencia de xénero cun enfoque aplicado no que se abordan os distintos ámbitos relacionados, tales como as actuacións desde as administracións públicas, tanto autonómica como local, o contexto xurídico, o psicolóxico e as forzas de seguridade do Estado.

#### **XX Universitat d'Estiu d'Estudis de Gènere: Vint anys en peu: feminisme social i feminisme acadèmic** [+Info](#)

Este ano conmemoramos a edición número 20 do noso curso, que empezou en 1997 e se impartiu ininterrompidamente entre 1997 e 2011, e desde 2014 ata este ano. Durante estes anos pasaron moitas cousas en todos os ámbitos en xeral e tamén no feminismo social e no académico. Algúns foron acontecementos moi positivos, por exemplo a incorporación do feminismo á axenda social, política e tamén académica do noso país e do mundo. Hai outros que son realmente preocupantes, por exemplo a forte reacción patriarcal cara aos logros efectivos das mulleres. Neste contexto, consideramos adecuado dedicar este curso para reflexionar sobre os fitos logrados e as estratexias para continuar avanzando.

## **Novo Obradoiro de autoestima e resolución de conflitos [+Info](#)**

Asociación Rede de mulleres veciñas contra os malos tratos de Vigo.

## **Curso de Extensión Universitaria. Vida sa das mulleres ó longo do seu ciclo vital [+Info](#)**

Data inicio e fin: 03/07/2019 - 05/07/2019.

Lugar: Auditorio municipal de Catoira. Impartido pola Universidade de Vigo (Campus Pontevedra).

## **Feminicidio.net [+Info](#)**

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

## **Agora. Espazo de Formación Feminista [+Info](#)**

Cursos en liña. Prazos abertos en Outubro e Febreiro.

## **CONVOCATORIAS**

### **Postdoctoral Fellowships for Female Researchers (all disciplines) at the University of Vienna**

The overall goal of the REinforcing Women In REsearch (REWIRE) Programme is to support the careers of excellent postdoctoral female researchers at the University of Vienna. [+Info](#)

### **XXIII Premio Nacional de Ensayo Leonor de Guzmán [+Info](#)**

Aberto: sen restriccións

Entidade convocante: Cátedra de Estudos das Mulleres Leonor de Guzmán

Data de peche: 04/10/2019

### **Convocatoria de financiamento de proxectos de investigación sobre promoción do emprego con apoio en persoas con discapacidade [+Info](#)**

Cátedra Aguas de Alicante de Inclusión Social de

la Universidad de Alicante 2019.

### **Call for papers: Congreso Internacional BIESES Redes e escritoras na esfera cultural da primeira Idade Moderna (séculos XV - XVIII) [+Info](#)**

Data de presentación de propostas ate o 15 de xullo de 2019.

### **A Xunta de Galicia convoca o Premio Comunicar en Igualdade 2019. [+Info](#)**

Convócase en dúas modalidades: para profesionais do xornalismo e para alumnado universitario.

Ten por obxecto recoñecer traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.

As solicitudes deben presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. O prazo de presentación das solicitudes rematará o vindeiro 16 de setembro.

### **Diversidade e equidade en STEM [+Info](#)**

A revista *IEEE-RITA Revista Iberoamericana de Tecnoloxías de Aprendizaxe*, solicita artigos para un número monográfico sobre «Diversidade e Igualdade en STEM».

Data límite envío artigos: 10 de xullo.

### **Revista *Investigaciones Feministas* [+Info](#)**

Realiza unha chamada para a coordinación do seu seguinte número monográfico (Vol. 11, n.º 2, 2020) sobre a seguinte temática: «metodoloxías feministas».

Datas previstas:

- Data de recepción de artigos para o monográfico: 30 de setembro de 2019.
- Data de resolución: maio de 2020.

### ***Lectora: revista de dones i textualitat* fai un chamamento a contribucións para o dossier número 26, «Decorar o corpo: xemas, xoias e adornos na literatura» [+Info](#)**

Data límite: 15 de decembro de 2019.

Este dossier acepta artigos que se aproxímen aos debates sobre a cultura das xoias e dos adornos na

literatura desde a perspectiva de xénero e a crítica cultural que se deriva, prestando especial atención á evolución histórica desta representación e como se traduce en textos más contemporáneos.

### **Signs Special Issue: RAGE [+Info](#)**

Journal of Women in Culture and Society convides submissions for a special issue titled “Rage,” slated for publication in the summer of 2021.

The deadline for submissions is September 15, 2019. We especially seek contributions from perspectives that have been underrepresented in recent issues and that make strong arguments in clear, accessible language. Please check out the call for papers and circulate it to your colleagues.

nos permita contribuír a unha sociedade sen violencias.

### **Congreso Internacional «O coidado de dependentes e maiores. Avanzando cara á igualdade de xénero e a xustiza social» [+Info](#)**

Do 12 ao 13 de setembro de 2019 en Tarragona Universitat Rovira i Virgili, Universitat de Barcelona, Conjust, Institut Tarragonès d' Antropología e Gender Care.

## **CONGRESOS**

### **Congreso Internacional «O público e o privado. Xénero, compromiso e transgresión entre o século XIX e o XXI»**

[+Info](#)

Datas de celebración: do 23 ao 25 de outubro de 2019 na Universidad de Alicante.

Organiza: Proxecto de Investigación «Xénero, compromiso e transgresión en España, 1890-2016». (Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades-Fondos FEDER).

### **II Congreso Internacional Políticas Públicas en Defensa de la Inclusión, la Diversidad y el Género [+Info](#)**

Do 15 ao 16 de xullo de 2019 en Salamanca.

Grupo de investigación recoñecido Políticas Públicas en Defensa da Inclusión, a Diversidade e o Xénero da Universidade de Salamanca.

### **Seminario Permanente de Violencia de Xénero, Universidad Carlos III de Madrid, Instituto de Estudios de Xénero [+Info](#)**

O «Seminario permanente sobre violencia de xénero» ten como obxectivo abrir un espazo de diálogo interdisciplinario que aborde as distintas cuestións que conforman a violencia de xénero para así lograr un mellor coñecemento sobre o tema que

## AXENDA

---

### Mes de xullo:

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

### 1.ª semana de xullo:

O Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo participará na Feira do Libro 2019, que se desenvolverá en Vigo desde o 27 xuño ao 6 xullo na r/ do Príncipe.

### 2.ª semana de xullo:

XV Novas fronteiras na igualdade de oportunidades 2.0: feminismo, violencias e coeducación . [+Info](#)

## DESAPRENDENDO A DESIGUALDADE

### Premios Egeria 2018 á Investigación con perspectiva de Xénero

<b>Título</b>	<i>O slam das brasileiras: o espazo público paratradutor das reivindicacións feministas transnacionais</i>
<b>Autora</b>	Claudia Iglesias Arriarán
<b>Director/a</b>	Óscar Ferreiro Vázquez
<b>Obxectivos de investigación</b>	<p>Neste TFM analízanse uns casos concretos da poesía slam no Brasil, a cal leva unha década denunciando os problemas que sofre a sociedade a través deste formato, sobre todo en defensa dos colectivos máis desfavorecidos do país, como son as mulleres negras. A partir de escollas de poemas de autoras afrodescendentes, preténdese por en cuestión a ideoloxía desde o punto de vista da tradución, no caso de existir traducións escritas, e da paratraducción, a través dos diferentes elementos paratextuais presentes no espazo onde se producen estas interpretacións, onde xorden interaccións e diálogos co público espontáneo. A través desta análise preténdese observar ata que punto as denuncias das desigualdades das slammers afrodescendentes, sometidas a unha dupla ou tripla discriminación (por seren mulleres, negras, de clases desfavorecidas etc.), chegan ao público receptor, tanto nacional canto internacional.</p> <p>Fronte a estes obxectivos, formúlanse as seguintes hipóteses: o slam brasileiro constitúe un medio de expresión para os feminismos transnacionais? E se esta pregunta é afirmativa, podería a poesía slam verse beneficiada dos Estudos Feministas de Tradución actuais e viceversa?</p>
<b>Resumo de achegas de investigación</b>	<p>Estas mulleres son as voceiras dun discurso materializado en textos orais. O espazo onde se desenvolve a representación da <i>slammer</i> é un elemento fundamental: a rúa, a favela, a interacción e o diálogo co público espontáneo. Constitúe un elemento tan importante ou máis que a letra do propio poema. Ao respecto do contido dos poemas, a temática xira en torno a varias interseccións dos feminismos transnacionais e mostra non só as diferenzas entre o xénero, senón tamén en canto á raza, á condición económica e á orientación sexual, entre outros.</p> <p>As traducións que se analizaron están inzadas de neutralizacións, modificacións e incluso falsos sentidos cando se abordan cuestións relacionadas coa condición de desigualdade da muller e da muller negra. Isto resulta en que as ideas feministas transnacionais que se expresan durante a intervención da <i>slammer</i> non se traduzan e, polo tanto, non cheguen á comunidade sociocultural destinataria.</p> <p>Concluímos que: por unha banda, que efectivamente o slam do Brasil constitúe un medio de expresión para os feminismos transnacionais e, pola outra, que ante a necesidade de que estas novas expresións feministas poscoloniais se expandan a nivel internacional, é necesario que as persoas profesionais da tradución saibam como abordar as cuestións e acheguen novas propostas aos Estudos Feministas de Tradución.</p> <p>Nun mundo cada vez máis globalizado, estanse cuestionando con maior frecuencia as diferenzas transnacionais, non só de xénero, senón tamén doutras interseccións como a raza, etnia, relixión e clase social, entre outros. Darlle visibilidade a este tipo de acción pode actuar como efecto multiplicador noutras comunidades socioculturais.</p>
<a href="#">Ligazón ao traballo completo</a>	

## NOVAS DO DUVI

**A profesora M.ª José Bravo Bosch recolle dous galardóns no «IV Festival de cine arqueológico de Castilla y León».** O Viriato de Ouro do público e o Viriato de Prata ao mellor documental. Pola serie documental *La mujer en Carthago Nova*, elaborada polo grupo de investigación Iura. RvB [+Info](#)

**Unhas xornadas analizarán a necesidade de transformar a xustiza en clave de xénero.** Contarán coa participación de especialistas de seis universidades.

[+Info](#)

**Unha cátedra feminista para «hackear» o patriarcado e colorear de lila os contidos dixitais**

Universidade e Deputación de Pontevedra fomentarán a perspectiva feminista na sociedade 4.0. Reigosa e Silva asinaron hoxe o convenio para desenvolver a cátedra. [+Info](#)

**Vigo lidera en España a investigación económica feita por mulleres e sitúase entre as 20 primeiras de Europa.** Un estudo analiza as 300 institucións europeas con maior prestixio investigador en Economía. Cifra nun 48 % a porcentaxe de mulleres investigadoras, moi por encima doutras prestixiosas entidades. [+Info](#)

**Cinco exemplos para rachar o teito de cristal no deporte de alto nivel** O campus de Ourense acolleu unha xornada con este obxectivo. Na cita participaron destacadas deportistas de diferentes modalidades

[+Info](#)

**Visibilizando o deporte feminino de alto nivel.** Seis deportistas internacionais achegaranse ao campus a contar as súas experiencias. Será nunha mesa redonda que terá lugar o día 26 de xuño [+Info](#)

**As revistas de historia da educación galega e estatal estreitan a súa colaboración** Publicarán de xeito coordinado cadanxeu monográfico sobre esta temática. Neles recollerán traballos presentados ao coloquio que se celebrará en Monforte do 9 e o 12 de xullo [+Info](#)

**Fotografías atopadas para reivindicar o amor igualitario** O profesor Xosé Manuel Buxán comisaría na Coruña a exposición «De par en par». A mostra reúne retratos de parellas de homes ou mulleres de diferentes partes do mundo [+Info](#)

## NOVAS ADQUISICIÓN BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Abril 2019)

### BIBLIOTECA BELAS ARTES

Mujeres barbudas: cuerpos singulares. Galé Moyano, María José  
Barcelona: Bellaterra, [2016] BUV Belas Artes. BEL I GAL,M

### BIBLIOTECA OURENSE

Juana la Loca: la cautiva de Tordesillas. Fernández Álvarez, Manuel, 1921-2010  
Madrid: Círculo de Lectores, [2001] BUV Bca Campus Ourense. Depósito: OUR 22131

El Voto femenino y yo: mi pecado mortal. Campoamor, Clara, 1888-1972  
[Sevilla]: Renacimiento, 2018. BUV Bca Campus Ourense. OUR 396 /656

### BIBLIOTECA FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN

Gender across languages. Amsterdam: John Benjamins B.V., 2015 BUV Filoloxía/Traducción. FFT 801 GEN acr v.4

Gender and discourse: language and power in politics, the church and organisations. Walsh, Clare. Harlow: Pearson Education, 2001 BUV Filoloxía/Traducción. FFT 801 WAL genbook jacket

Gender Approaches in the Translation Classroom Cham: Springer International Publishing, 2019 BUV Filoloxía/Traducción. FFT 82.03 GEN app

No al futuro: la teoría queer y la pulsión de muerte. Edelman, Lee, 1953-  
Barcelona; Madrid: Egales, D.L. 2014. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 159.9 EDE noa

Old futures: speculative fiction and queer possibility . Lothian, Alexis, autor  
New York: New York University Press, [2018] BUV Filoloxía/Traducción. FFT 82.09 LOT old

Vivir una vida feminista. Ahmed, Sara, 1969-, autor. Barcelona: Edicions Bellaterra, [2018] BUV Filoloxía/Traducción. FFT 396 AHM liv